



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Aprobación definitiva da ordenanza fiscal nº 30 reguladora do prezo público do fogar residencial do Concello de Tordoia

ANUNCIO

Asunto: Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza fiscal nº 30, reguladora do prezo público do fogar residencial do Concello de Tordoia.-

Publicado o anuncio de aprobación inicial da Ordenanza fiscal nº 30, reguladora do prezo público do fogar residencial do Concello de Tordoia no BOP número 210 do 3/11/2023, e transcorrido o prazo de presentación de alegacións sen presentarse ningunha, enténdese aprobada definitivamente e procedese á publicación do texto íntegro do mesmo, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/85:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade existe, por parte do Concello de Tordoia, un proxecto que aborda a necesidade de dotar ao municipio dun fogar residencial que poida abordar a creación de espazos dedicados ao coidado de persoas maiores e dependentes e enfocados a dar unha Atención Centrada na Persona (ACP), garantizando a tranquilidade e seguridade dos futuros residentes e dos seus familiares.

O Concello pretende que a veciñanza poida dispor destes servizos no seu municipio, agora inexistentes, e é por iso, que vai a reformar un edificio xa existente, pero infrautilizado, para dedicalo a Fogar Residencial, e deste xeito, crear un número de prazas suficientes para dar cobertura ao Concello e ao entorno próximo de cara aos próximos anos.

A finalidade do contrato proposto é a xestión indirecta, mediante concesión de servizos, do servizo de xestión da residencia de maiores de titularidade do Concello de Tordoia, sendo este susceptible de explotación económica por parte de entidades privadas.

Coa residencia de maiores, preténdese cubrir a demanda deste tipo de servizos na localidade, de acordo ás seguintes necesidades:

- Atención especializada a persoas en situación de dependencia.
- Conciliación da vida familiar dos residentes.
- Fomentar o emprego no entorno.
- Contribuir a crear servizos e emprego, de cara a evitar a despoboación.

O Concello de Tordoia prestará servizo a calquer persoa maior de 65 anos, tanto si é válida como si é dependente. A finalidade é mellorar a calidade de vida das persoas residentes mediante unha atención centrada na persoa. O fogar residencial contará cunha capacidade para 16 persoas, das cales un 25 % poderán ser grandes dependentes.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A presente ordenanza ten o seu fundamento xurídico na seguinte normativa:

- A Constitución Española de 1978, no seu artigo 50, estipula que *“Os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periódicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Asemesmo, e con independencia das obrigacións familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio”*.
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.1 que *“ O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”*.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece, no seu artigo 80.1, que *“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños”*; e no seu artigo 80.2.o), que *“O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma na execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade”*.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

ARTIGO 2.- OBXECTO E ÁMBITO

O obxecto desta ordenanza é regular o prezo público pola prestación do servizo público social destinado á atención e á asistencia necesaria das persoas que, por idade ou incapacidade, necesiten ser atendidas en cuestións de aloxamento, alimentación, coido, etc...no fogar residencial do Concello de Tordoia.

ARTIGO 3.- DESTINATARIOS

Poderán ser destinatarios dos servizos asistenciais no fogar residencial todas aquelas persoas demandantes que, por idade ou incapacidade, necesiten do mesmo.

ARTIGO 4.- COSTE ESTIMADO DE FUNCIONAMENTO E PREZO PÚBLICO

O coste estimado de funcionamento do fogar residencial estímase en 27.063,77 euros mensuais, o que no coste total anual se traduce nuns 351.829,03 euros.

En virtude do coste total estimado, e para garantir a sostenibilidade financeira do centro, establécense os seguintes prezos públicos para os usuarios/as:

- Grandes dependentes: 2.500 € /mes.
- Resto de usuarios: 2.000 €/mes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, cuxa redacción provisional foi aprobada por Pleno do Concello de Tordoia en sesión celebrada na data 26/10/2023, entrará en vigor unha vez iniciado o funcionamento do fogar residencial.

TORDOIA ,11-DICIEMBRE-2023

EL ALCALDE ,

D.EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES

2023/9701